



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2015

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Secretario accidental:

Don José Marcelino Rivera Raris

Interventora:

Dona Araixa Varela Bermúdez.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as nove horas e trinta minutos do día dezanove de novembro de dous mil quince, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnense as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos do Secretario accidental da Corporación don José Marcelino Rivera Raris, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 17 DE DECEMBRO DE 2015.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o dezasete de decembro de dous mil quince por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA DESMONTAXE DE ELEMENTOS EN SITUACIÓN DE COLAPSO EN EDIFICIO EN RUINA SITO NA RÚA LONGA Nº 4, ESQUINA RUIZ PONS, FORMULADA POR Dª MARÍA DEL PILAR RAMOS STOLLE EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE HERDEIROS DE JULIÁN RAMOS MELLA E DA COMUNIDADE DE HERDEIROS DE MARÍA DEL CARMEN ELVIRA RAMOS STOLLE, EXPEDIENTE DE RUÍNA 1/2014.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de decembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 20 de agosto de 2012 o arquitecto da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico do Excmo. Concello de Padrón D. Andrés Rey Otero emite informe técnico referente ao inmovible sito na rúa

Longa nº 4, deste concello, concluíndo que presenta un notable estado de deterioro e abandono o que constitúe un serio perigo para a seguridade dos veciños.

Segundo. En data 23 de xaneiro de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo emite informe xurídico recomendando a emisión dun informe técnico complementario que determinase e concretase as obras necesarias para que o inmovible cumpla coas condicións de conservación establecidas na LOUG, e de forma simultánea requirir por dez días ao propietario do inmovible para que proceda a por o inmovible nas condicións mínimas imprescindibles de mantemento e seguridade solicitando a oportuna licenza municipal de obras ou ben para que compareza na Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico para concretar as medidas a adoitar. Unha vez emitido o informe técnico complementario e transcorrido o prazo outorgado, recoméndase ditar unha orde de execución nos termos do artigo 199 da LOUG, das obras necesarias segundo o informe técnico municipal.

Terceiro. En data 22 de marzo de 2013 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2540, escrito de D. José Carlos Ramos Stolle referindo actuar representación da comunidade propietaria do inmovible, comprometéndose a presentar un proxecto técnico de consolidación para a rehabilitación do edificio no prazo dun mes.

Cuarto. En data 17 de outubro de 2013 remítese por parte da Concelleira Delegada do Casco Histórico a o requerimento referido no informe xurídico de data 23 de xaneiro de 2013 un dos titulares catastrais do inmovible, D. Julián Ramos Zapata, outorgando un prazo de dez días para adoitar as medidas precisas de conservación do inmovible ou comparecer na Oficina de Rehabilitación no mesmo prazo para concretar as medidas a adoitar, apercibíndoselle de que en caso de incomparecencia se procedería á ditar unha orde de execución.

Quinto. En data 23 de outubro de 2013 D. Julián Ramos Zapata presenta escrito no Concello, con número de rexistro 8470, no que solicita a declaración de ruína do inmovible en base ao artigo 201.2.b) da LOUG e o recibimento do expediente a proba para achegar informes técnicos que sustenten a súa petición.

Sexto. En data 6 de novembro de 2013 D. Julián Ramos Zapata presenta escrito no Concello, con número de rexistro 8814, no que se desiste da súa petición de declaración de ruína, segundo se refire porque se opta por proceder á rehabilitación parcial do edificio.

Sétimo. En data 12 de novembro de 2013 ten entrada no Concello, con rexistro de entrada 8955, escrito de D. Arturo M. Reboyras Villaverde no que refire o estado de abandono do inmovible e solicita se inste aos propietarios a adoitar as medidas oportunas.

Oitavo. En data 9 de decembro de 2013 D. Jose Carlos Ramos Stolle, quen se identifica coma copropietario do inmovible, refire que unha viga do edificio se atopa desprazada e solicita autorización urxente para proceder á súa estabilización.

Noveno. En data 10 de decembro de 2013 D. Ramón Andrés Rey Otero, arquitecto da Oficina de Rehabilitación do Concello, emite informe técnico que confirma o desprazamento e o risco de caída sobre a vía pública, recomendando o valado perimetral e o afianzamento da viga.

Décimo. En data 19 de decembro de 2013 D. Julián Ramos Zapata, actuando en calidade de copropietario do inmovible, presenta escrito solicitando se lle teña por interesado no expediente informándolle de calquer tramitación ou actuación.

Décimo primeiro. En data 23 de decembro de 2013 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa a solicitude de autorización de estabilización da viga en senso favorable, recomendando por a intervención en coñecemento do servizo da Comisión Territorial de Patrimonio Cultural ao estar o inmovible dentro da delimitación dun Ben de Interese Cultural (BIC) e da zona calificada polo planeamento coma Solo Urbano Residencial de Núcleo Antigo (URNA), zona sometida a autorización sectorial previa en materia de Patrimonio Histórico.

Décimo segundo. En data 23 de decembro de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente o outorgamento da licenza para a estabilización da viga dando traslado ao Servizo de



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Patrimonio da Delegación Territorial na Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, recomendando asimesmo que por razóns de urxencia se avoque a competencia para o outorgamento da licenza, delegada na Xunta de Goberno Local, para resolver o expediente mediante resolución do alcalde.

Décimo terceiro. En data 23 de decembro de 2013 emítese resolución do Alcalde 826/2013, que acorda avocar a competencia para resolver sobre a solicitude de licenza por razóns de urxencia, e outorgar a licenza solicitada, dando traslado da resolución adoitada ao Servizo de Patrimonio da Delegación Territorial na Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Décimo cuarto. En data 27 de decembro de 2013 a Concelleira Delegada do Casco Histórico remite requerimento a D. Julián Ramos Zapata para que no prazo de dez días presente solicitude de licenza municipal para o acondicionamento do inmovible nos termos do artigo 9 da LOUG.

Décimo quinto. En data 30 de xaneiro de 2014 D^a María del Pilar Ramos Stolle, en representación da comunidade de heredeiros de Julián Ramos Mella e da comunidade de heredeiros de María del Carmen Elvira Ramos Stolle, presenta solicitude de declaración de ruína do inmovible, adxuntando informe técnico de estado da edificación redactado e asinado polo arquitecto técnico D. Jose Lorenzo Costas.

Décimo sexto. En data 4 de abril de 2014 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a solicitude referindo a procedencia de incoar expediente de ruína sobre o inmovible.

Décimo sétimo. En data 26 de maio de 2014 emítese resolución do alcalde 355/2014, pola que se acorda incoar expediente de ruína sobre o inmovible sito na rúa Longa nº 4, esquina rúa Ruiz Pons, abrindo un prazo de alegacións de dez días hábiles.

Décimo oitavo. En data 16 de xuño de 2014 ten entrada no Concello escrito de alegacións asinado por D^a Pilar Ramos Stolle en representación da Comunidade Hereditaria de D. Julián Ramos Mella e dos Heredeiros de D^a Carmen Ramos Stolle.

Décimo noveno. En data 3 de xullo de 2014 ten entrada no Concello escrito do interesado no que adxunta certificado expedido polo Xefe de Servizo de Planeamento e Inventario da Consellería de Cultura que verifica que o ben se atopa incluído no inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia co grao de ben inventariado, pero que non ten a consideración individualizada de ben de interese cultural.

Vixésimo. En data 29 de xullo de 2014 ten entrada no Concello acordo da comisión territorial de Patrimonio Histórico Galego da Coruña, no senso de tomar coñecemento da incoación do expediente de ruína e apercibindo ao Concello da necesidade de que toda intervención no inmovible conte con autorización da Consellería de Cultura por se tratar dun inmovible inventariado.

Vixésimo primeiro. En data 14 de agosto de 2014 ten entrada no Concello escrito formulado por D. José Carlos Ramos Stolle en nome propio e en representación de D^a María Nieves Ramos Stolle e a sociedade Viuda de Ángel Ramos García Sucesores S.L. Solicitando a posta de manifesto do expediente.

Vixésimo segundo. En data 25 de setembro de 2014 o arquitecto da oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Padrón D. Ramón Andrés Rey Otero emite informe sobre a concorrencia dos requisitos para a declaración de ruína do inmovible.

Vixésimo terceiro. En data 8 de outubro de 2014 o inspector xefe da Policía Local emite informe sobre desprendemento de elementos da fachada do inmovible obxecto do expediente.

Vixésimo cuarto. En data 9 de outubro de 2014 emítese resolución do alcalde 657/2014, que ordena a execución de obras de conservación e aseguramento con carácter de urxencia.

Vixésimo quinto. En data 10 de outubro de 2014 o asesor xurídico en materia de urbanismo emite informe sobre as alegacións presentadas.

Vixésimo sexto. En data 11 de outubro de 2014 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7943, escrito de D. Arturo M. Reboyras Villaverde referindo o mal estado do inmovible.

Vixésimo sétimo. En data 13 de outubro de 2014 remítese oficio á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Sección de Patrimonio, solicitando aclaracións sobre a declaración solicitada.

Vixésimo oitavo. En data 14 de outubro de 2014 a interesada presenta escrito solicitando copia do expediente e achegando acreditación da condición de administradora única da sociedade "Viuda de Ángel Ramos García Sucesores. S.L."

Vixésimo noveno. En data 20 de outubro de 2014 D. Julián Ramos Zapata na súa condición de copropietario do inmovible presenta escrito comunicando que se levaron a cabo as obras ordenadas por resolución de 9 de outubro de 2014.

Trixésimo. En data 21 de outubro de 2014 emítese resolución do Alcalde 688/2014, que lle outorga copia do expediente á interesada

Trixésimo primeiro. En data 4 de decembro de 2014 ten entrada no Concello acordo da comisión territorial de Patrimonio Histórico Galego da Coruña, reiterando a súa toma de coñecemento da incoación do expediente e incidindo en que a declaración de ruína do inmovible non leva aparelada a súa demolición, por se tratar dun inmovible inventariado.

Trixésimo segundo. En data 10 de decembro de 2014 remítese requerimento a D. José Carlos Ramos Stolle da acreditación da representación invocada no seu escrito de data 14 de agosto de 2014.

Trixésimo terceiro. En data 18 de decembro de 2014 D^a Pilar Ramos Stolle presenta proxecto de "desmontaxe de elementos en situación de colapso de edificio catalogado" redactado e asinado polo arquitecto técnico e enxeñeiro da edificación D. José Lorenzo Costas.

Trixésimo cuarto. En data 13 de xaneiro de 2015 D. José Carlos Ramos Stolle presenta escrito achegando documentación referida ao requerimento de data 10 de decembro de 2014.

Trixésimo quinto. En data 16 de xaneiro de 2015 emítese resolución da alcaldía 38/2015, no que se pon de manifesto o expediente a D. José Carlos Ramos Stolle en nome propio e en representación de D^a María Nieves Ramos Stolle.

Trixésimo sexto. En data 11 de febreiro de 2015 ten entrada no Concello escrito de alegacións de D. José Carlos Ramos Stolle acompañando "propuesta de ejecución de estabilización de edificación sita en la rúa Longa nº 24 de Padrón (La Coruña)", redactada e asinada polo arquitecto D. Alfredo Varela Nogueira.

Trixésimo sétimo. En data 12 de febreiro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa as alegacións presentadas por D. José Carlos Ramos Stolle.

Trixésimo oitavo. En data 26 de febreiro de 2015 emítese resolución do alcalde 151/2015, pola que se declara o inmovible sito na rúa Longa nº 4 esquina rúa Ruiz Pons en situación de ruína por esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais. Dado o carácter de ben inventariado do inmovible, a consecuencia desta declaración na mesma resolución se require á propiedade, promotora do expediente de ruína, a presentación dun proxecto de intervención no inmovible que implique a conservación do mesmo armonizando a mesma coa adopción das medidas de seguridade necesarias para evitar perigo para persoas e bens, sendo notificada a devandita resolución a tódalas partes interesadas.

Trixésimo noveno. En data 2 de marzo de 2015 confíreselle traslado da resolución do expediente de ruína ao departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, Xunta de Galicia.

Cuadraxésimo. En data 5 de marzo de 2015 ten entrada no Concello escrito de D^a Pilar Ramos Stolle no



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

que se solicita a tramitación urxente da licenza municipal para a intervención de desmontaxe plantexada no proxecto técnico presentado en data 18 de decembro.

Cuadraxésimo primeiro. En data 14 de abril de 2015 ten entrada no Concello comunicación de acordo da Comisión territorial de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na que se toma coñecemento da resolución do expediente, á espera da remisión do correspondente proxecto de intervención no inmovible.

Cuadraxésimo segundo. En data 17 de abril de 2015 o arquitecto do servizo de rehabilitación do Concello informa desfavorablemente o proxecto presentado o 18 de decembro de 2015.

Cuadraxésimo terceiro. En data 29 de xuño de 2015 emítese requirimento ao interesado de emenda do proxecto presentado.

Cuadraxésimo cuarto. En data 9 de xullo de 2015 a promotora do expediente presenta escrito en resposta ao requirimento referindo a próxima presentación dun reformado do proxecto de consolidación de data 18 de decembro de 2014.

Cuadraxésimo quinto. En data 14 de xullo de 2015 ten entrada no Concello, con rexistro de entrada 3360, "Reformado de proxecto de desmontaxe de elementos en situación de colapso de edificio catalogado" redactado e asinado polo arquitecto técnico e enxeñeiro da edificación D. José Lorenzo Costas e visado polo COATIEC.

Cuadraxésimo sexto. En data 5 de agosto de 2015 o arquitecto da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico do Concello de Padrón D. Ramón Andrés Rey Otero emite informe técnico favorable ás obras solicitadas, se ben refire a necesidade de tramitación do expediente perante a Comisión Territorial de Patrimonio Histórico; a aportación dun aval por importe de 1.255,00 € e dos oficios de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde visados por colexio oficial.

Cuadraxésimo sétimo. En data 21 de agosto de 2015 remítese requirimento ao interesado da documentación referida no informe técnico municipal.

Cuadraxésimo oitavo. En data 21 de agosto de 2015 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, aos efectos de obter a preceptiva e previa autorización sectorial.

Cuadraxésimo noveno. En data 8 de setembro de 2015 ten entrada do Concello requirimento do Servizo de Patrimonio Cultural de informe urbanístico municipal referido ás obras solicitadas.

Quincuaxésimo. En data 11 de setembro de 2015 remítese a documentación solicitada.

Quincuaxésimo primeiro. En data 13 de novembro de 2015 ten entrada no Concello resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 10 de novembro de 2015, que autoriza as obras solicitadas.

Quincuaxésimo segundo. En data 1 de decembro de 2015 remítese requirimento ao interesado do aval e oficios referidos no informe técnico municipal.

Quincuaxésimo terceiro. En data 4 de decembro de 2015 o solicitante achega a documentación solicitada.

Quincuaxésimo cuarto. En data 23 de decembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 194 da LOUG en canto ao sometemento das obras ao réxime de licenza municipal de obras.

Segundo. Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

Terceiro. Ordenanza de Solo Urbano Residencial en Nucleo Antigo (URNA) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmovible, usos autorizables e condicionantes urbanísticos. Mesma ordenanza e artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Neste senso, resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 10 de novembro de 2015, que autoriza as obras solicitadas.

Cuarto. En base ao disposto no informe técnico municipal de data 5 de agosto de 2015 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 23 de decembro de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Quinto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. á Comunidade de herdeiros de Julián Ramos Mera e D^a Carmen Ramos Stolle, representados por D^a María del Pilar Ramos Stolle licenza municipal de obras para demolición parcial interior, desentullo e consolidación estrutural de fachada de inmovible sito na rúa Ruiz Pons nº 2, esquina rúa Longa, expediente de ruína 1/2014, conforme o "Reformado de proxecto de desmontaxe de elementos en situación de colapso de edificio catalogado" redactado e asinado polo arquitecto técnico e enxeñeiro da edificación D. José Lorenzo Costas e visado polo COOATIEC, con rexistro de entrada no Concello 3360, de 14 de xullo.

Así mesmo se lle outorga á promotora o mesmo prazo de execución das obras para a presentación de proxecto técnico e solicitude de licenza de obras para a rehabilitación do inmovible e a fiel restitución do mesmo, nos termos da resolución do alcalde 151/2015, pola que se declara o inmovible sito na rúa Longa nº 4 esquina rúa Ruiz Pons en situación de ruína por esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais, baixo apercibimento de que de non verificarse o referido no prazo outorgado, procederáse a ditar unha orde de execución e a adopción de tódalas medidas legais para compeler á execución do ordenado.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA), dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito do Ben de Interese Cultural composto polo entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: demolición parcial interior, desentullo e consolidación estrutural de fachada de inmoble.

c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

d) Contía na que se orzan as obras: 12.550,00 euros. (sen IVE)

e) Situación e emprazamento das obras: rúa Ruiz Pons nº 2, esquina rúa Longa, Padrón.

f) Nome ou razón social do promotor: Comunidade de herdeiros de Julián Ramos Mera e D^a Carmen Ramos Stolle

g) Técnico autor do proxecto: D. José Lorenzo Costas, arquitecto técnico.

h) Técnico director das obras: D. José Lorenzo Costas, arquitecto técnico.

i) Coordinador de seguridade e saúde: D. José Lorenzo Costas, arquitecto técnico.

j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de un (1) mes dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais,

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. á Comunidade de herdeiros de Julián Ramos Mera e D^a Carmen Ramos Stolle, representados por D^a María del Pilar Ramos Stolle licenza municipal de obras para demolición parcial interior, desentullo e consolidación estrutural de fachada de inmoble sito na rúa Ruiz Pons nº 2, esquina rúa Longa, expediente de ruína 1/2014, conforme o "Reformado de proxecto de desmontaxe de elementos en situación de colapso de edificio catalogado" redactado e asinado polo arquitecto técnico e enxeñeiro da edificación D. José Lorenzo Costas e visado polo COOATIEC, con rexistro de entrada no Concello 3360, de 14 de xullo.

Así mesmo se lle outorga á promotora o mesmo prazo de execución das obras para a presentación de proxecto técnico e solicitude de licenza de obras para a rehabilitación do inmoble e a fiel restitución do mesmo, nos termos da resolución do alcalde 151/2015, pola que se declara o inmoble sito na rúa Longa nº 4 esquina rúa Ruiz Pons en situación de ruína por esgotamento xeneralizado

dos seus elementos estruturais, baixo apercebimento de que de non verificarse o referido no prazo outorgado, procederáse a ditar unha orde de execución e a adopción de tódalas medidas legais para compeler á execución do ordenado.

- c) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- d) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA), dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito do Ben de Interese Cultural composto polo entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: demolición parcial interior, desentullo e consolidación estrutural de fachada de inmovible.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 12.550,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: rúa Ruiz Pons nº 2, esquina rúa Longa, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: Comunidade de herdeiros de Julián Ramos Mera e D^a Carmen Ramos Stolle
- g) Técnico autor do proxecto: D. José Lorenzo Costas, arquitecto técnico.
- h) Técnico director das obras: D. José Lorenzo Costas, arquitecto técnico.
- i) Coordinador de seguridade e saúde: D. José Lorenzo Costas, arquitecto técnico.
- j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de un (1) mes dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

3.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE LAVADO E PINTADO DE FACHADA DE VIVENDA SITA NA RÚA CONSTANILLA DO CARME, Nº 7, FORMULADA POR D. CARLOS DOMÍNGUEZ PÉREZ, EXPEDIENTE 148/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de decembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 12 de agosto de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7090, solicitude de licenza municipal de obras de lavado e pintado de fachada de vivenda sita na rúa costanilla do Carme nº 7, formulada por D. Carlos Domínguez Pérez. Achégase coa solicitude fotografía da vivenda.

Segundo. En data 28 de setembro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Balaña de Jesús informa desfavorablemente as obras solicitadas requirindo a emenda de certas deficiencias presentadas.

Terceiro. En data 29 de setembro de 2015 emítese requirimento ao interesado da documentación e emendas referidas no informe técnico municipal.

Cuarto. En data 15 de outubro de 2015 o solicitante achega documentación adicional.

Quinto. En data 20 de outubro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Balaña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas, referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Sexto. En data 21 de outubro de 2015 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña, sección de patrimonio, aos efectos de recabar a pertinente autorización sectorial.

Sétimo. En data 2 de decembro de 2015 ten entrada no Concello resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de data 27 de novembro de 2015, que autoriza as obras solicitadas.

Quinto. En data 23 de decembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

Segundo. Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

Terceiro. Ordenanza de Solo Urbano Residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmovible, usos autorizables e condicionantes urbanísticos. Mesma ordenanza e artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Neste senso, resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de data 27 de novembro de 2015, que autoriza as

obras solicitadas.

Cuarto. En base ao disposto no informe técnico municipal de data 20 de outubro de 2015 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 23 de decembro de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Quinto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Carlos Domínguez Pérez licenza municipal de obras para limpeza e pintado en cor branca de fachadas de vivenda sita na rúa Costanilla do Carme nº 7, con referencia catastral 7720309NH2372S0001GO, expediente 148/2015/LU, conforme os orzamentos e a documentación achegada.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO), dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito do Ben de Interese Cultural composto polo entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: limpeza e pintado en cor branca de fachadas de vivenda.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 1.635,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: rúa Costanilla do Carme nº 7, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Carlos Domínguez Pérez
- g) Técnico autor do proxecto: non procede.
- h) Técnico director das obras: non procede.
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais,

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Carlos Domínguez Pérez licenza municipal de obras para limpeza e pintado en cor branca de fachadas de vivenda sita na rúa Costanilla do Carne nº 7, con referencia catastral 7720309NH2372S0001GO, expediente 148/2015/LU, conforme os orzamentos e a documentación achegada.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

j) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial dos barrios orixinais da vila (URBO), dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito do Ben de Interese Cultural composto polo entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila.

k) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: limpeza e pintado en cor branca de fachadas de vivenda.

l) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

m) Contía na que se orzan as obras: 1.635,00 euros. (sen IVE)

n) Situación e emprazamento das obras: rúa Costanilla do Carne nº 7, Padrón.

o) Nome ou razón social do promotor: D. Carlos Domínguez Pérez

p) Técnico autor do proxecto: non procede.

q) Técnico director das obras: non procede.

r) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais,

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

4.- SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A RESTAURANTE BAIXO A DENOMINACIÓN COMERCIAL DE "A CASA DAS CORREDOIRAS", SITO NO LUGAR DE BELINA, CRUCES, FORMULADA POR D. JOSÉ MANUEL VARELA LADO, EXPTE 55/2015/CTA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de decembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 18 de decembro de 2015 ten entrada no concello, con número de rexistro 10867, solicitude de cambio de titularidade da licenza de apertura outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 17 de decembro de 2015 para restaurante, que na actualidade figura baixo a titularidade de D. José Manuel Alfonsín Gey, ubicado no lugar de Belina, Cruces, formulada por D. José Manuel Varela Lado. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio de titularidade, alta no censo do imposto sobre actividades económicas da Axencia Tributaria do novo titular, contrato de arrendamento do local, así coma copia da cartulina de licenza orixinal do local.

Segundo. En data 28 de decembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

Segundo. En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 28 de decembro de 2015, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Cuarto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a RESTAURANTE sito no lugar de Belina, Cruces, baixo a denominación comercial "A CASA DAS CORREDOIRAS" outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 17 de decembro de 2015, pasando á titularidade de D. José Manuel Varela Lado, expediente 55/2015/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Cuarto. Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a RESTAURANTE sito no lugar de Belina, Cruces, baixo a denominación comercial "A CASA DAS CORREDOIRAS" outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 17 de decembro de 2015, pasando á titularidade de D. José Manuel Varela Lado, expediente 55/2015/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 1- FINAL DA OBRA "ACCESO A VISTA ALEGRE (PADRÓN) E OUTRO" (POS 2015).

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de decembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. O 19/09/2014 ten entrada no rexistro municipal unha Circular da Deputación Provincial da Coruña na que se comunica a este Concello a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos (POS) 2015, que a cantidade asignada ao mesmo é de 211.020,66 € e que o prazo para subir á plataforma da Deputación a solicitude remata ás 14:00 horas do 1/12/2014.

Segundo. O 13/11/2014 Estudio Técnico Gallego, SA, presenta no rexistro municipal dous exemplares en

papel do proxecto técnico dunha das obras a incluír neste Plan: "Acceso a Vista Alegre (Padrón) e outro", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio César Rojo Martínez, número de Colexiado 3.871, así como a correspondente acta de implantación previa.

Terceiro. Por providencia do Alcalde do 14/11/2014 solicítase ao arquitecto técnico que presta servizos a este Concello, don Francisco Ferro González, informe sobre si o proxecto técnico desta obra inclúe o contido mínimo esixido legalmente, si cumpre a normativa en materia de impacto ambiental, a normativa urbanística e o planeamento municipal, si precisa estudo xeotécnico e informe previo da Oficina de Supervisión de Proxectos, as autorizacións administrativas necesarias, a disponibilidad dos terreos e a consideración da mesma como unha unidade funcional.

Cuarto. O 20/11/2015 emítese o informe solicitado e nel conclúese que o proxecto respeta o contido mínimo esixido legalmente, cumpre a normativa urbanística e o planeamento municipal en vigor, que non é necesario que se someta ao trámite de avaliación ambiental, que non precisa estudo xeotécnico nin informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, que se dispón dos terreos necesarios para a súa execución e que a obra pode considerarse unha unidade funcional. En canto ás autorizacións administrativas necesarias conclúese que para o camiño de acceso a Vista Alegre precisase autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) por afectar á AC-242 e que para o camiño fronte á gasoliñeira da Escravitude precisase autorización da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia por afectar á N-550.

Quinto. O 21/11/2014 o Alcalde asina a Memoria xustificativa das obras a incluír no POS 2015 e o 28/11/2014 o Pleno da Corporación Municipal aproba este Plan coa inclusión desta obra por importe de 39.445,88 €, financiados na súa totalidade pola Deputación Provincial. Nese mesmo día rexístrase de saída a solicitude de autorización á CMATI e á Demarcación de Carreteras del Estado.

Sexto. O 1/12/2014 súbese á plataforma da páxina web da Deputación toda a documentación esixida nas bases reguladoras deste Plan.

Sétimo. O 30/01/2015, a petición do servizo provincial de xestión de plan, o arquitecto técnico don Francisco Ferro González informa que o camiño de acceso a Vista Alegre reflíctese na planimetría do PXOU e ten marcadas aliñacións e tamén na cartografía catastral, e que o camiño en fronte á gasoliñeira da Escravitude tamén se reflicte na planimetría do PXOU, na cartografía catastral e nos planos de concentración parcelaria de Santa María de Cruces. O mesmo súbese á plataforma provincial o 3/02/2015.

Oitavo. O 2/3/2015 recíbese notificación telemática da Circular da Deputación Provincial sobre a aprobación do POS 2015 na que consta esta obra aínda que condicionada ao outorgamento da autorización da CMATI e da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia. Na mesma lémbrese que o prazo para adxudicar as obras e remitir a documentación acreditativa rematará o 1/10/2015.

Noveno. O 19/03/2015 rexístrase de entrada o informe favorable do Xefe de Servizo de Conservación da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia e o 24/03/2015 o do Xefe do Servizo de Infraestructuras da Coruña para a realización das obras.

Décimo. Por providencia do Alcalde do 25/03/2015 solicítase informe técnico sobre si o proxecto se axusta ás condicións recollidas na autorización da CMATI. Este é emitido o 9/4/2015 en sentido favorable e súbese á plataforma provincial o 13/04/2015.

Décimo primeiro. O 28/04/2015 recíbese notificación telemática da Resolución do Presidente Provincial do 23 de abril na que se declaran cumpridas as condicións impostas e se aproba definitivamente a obra.

Décimo segundo. O 10/08/2015 por providencia do Alcalde incóase o expediente de contratación da obra e solicítase á intervención certificado de existencia de crédito e os pregos de cláusulas administrativas particulares e solicítase á intervención municipal informe de fiscalización previa.

Décimo terceiro. En data 10/08/2015 emítese o certificado de existencia de crédito polo interventor



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tlf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

accidental, incorpórase o prego de cláusulas administrativas debidamente cuberto e emítese o informe xurídico da secretaria municipal.

Décimo cuarto. En data 11/08/2015 emítese o informe de fiscalización previa do interventor accidental.

Décimo quinto. Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión realizada o 13/08/2015 aprobouse o expediente administrativo de contratación da obra "Acceso a Vista Alegre (Padrón) e outro" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

Décimo sexto. O 13/08/2015 remitíronse 3 invitacións a outras tantas empresas para participar no procedemento. A saber:

- NEMESIO ORDÓÑEZ, SA
- TARRÍO Y SUÁREZ, SL
- EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS DE GALICIA, SL

Décimo sétimo. Transcorrido o prazo de 8 días naturais outorgado para a presentación das ofertas, as tres empresas invitadas presentan a súa oferta en prazo.

Décimo oitavo. O 27/08/2015 procédese á apertura dos Sobres A e acórdase declarar admitidas ás tres empresas. Seguidamente procédese á apertura dos Sobres B que conteñen as referencias técnicas, polo que se solicita informe sobre as mesmas ao arquitecto técnico que presta servizos neste Concello, don Jesús Baliña de Jesús, quen o emite o 28/08/2015.

Décimo noveno. O mesmo día 28/08/2015 procédese a apertura dos Sobres C e trala valoración oportuna do conxunto das ofertas ábrese unha rolda de negociación cos licitadores participantes. Para elo remíteselles información sobre as valoracións outorgadas e invitación para mellorar a presentada por cada un no prazo máximo de tres días naturais.

Vixésimo. Transcorrido o prazo anterior, polo secretario acumulado certifícase que:

<<1º>:- *Que, de acordo aos datos que constan nesta secretaria ao meu cargo, remitida invitación para mellorar a oferta presentada inicialmente a cada un dos tres (3) licitadores admitidos no procedemento negociado sen publicidade número 10/2015-OB-PNSP convocado por este Concello, por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de abril de 2015, para a adxudicación do contrato de obras denominado "Camiño a Vista Alegre e outro", e rematado o prazo de tres días naturais outorgado para elo, presentou oferta a seguinte empresa:*

TARRÍO Y SUÁREZ, SL, rexistro de entrada nº 7552 de 3 de setembro de 2015.

2º):- *que realizada a apertura da devandita oferta o día 8 de setembro de 2015, sendo as 13:00 h, en presenza do Sr. Alcalde Presidente e do Sr. Secretario xeral da Corporación, a mesma resulta ser a seguinte:*

1.- *Ofrece o seguinte prezo:*

a) *Prezo sen IVE: 29.627,27 euros*

b) *Imposto sobre o valor engadido (IVE): 6.221,73 euros*

c) *Prezo total (A+B): 35.849,00 euros.*

2. *Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.*

3. *Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Fai constar que na presente licitación non concorre con empresas vinculadas.*

3º):- *Que analizados os pregos de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, dedúcese que a devandita oferta non cumpre co disposto no ANEXO VII, no senso de que "as novas ofetas, de selo caso, deberán concretar a mellora que se ofrece sobre a inicialmente presentada, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta máis vataxosa doutro licitador nos criterios considerados".*

4º):- *Que de acordo co informe emitido por esta Secretaría Xeral con data 9 de setembro do 2015, a devandita "mellora" non é admisible por non adaptarse ós pregos correspondentes, polo que se procede á súa desestimación.*

5º):- *Que, en consecuencia, e según o devandito informe da Secretaría Xeral, procedería requirir á empresa EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS DE GALICIA, SL, como licitadora que presentou a mellor oferta para que presente a documentación acreditativa da súa solvencia e formalice o preceptivo aval definitivo>>.*

Vixésimo primeiro. En consecuencia, o 15/09/2015 requírese á empresa que obtivo a mellor puntuación, EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS DE GALICIA, SL, para que, no prazo improrrogable de 10 días hábiles presente a seguinte documentación:

A) Documentación relacionada na cláusula 12.1 do prego de administrativas dado que o licitador presentou a declaración responsable á que se refire o artigo 146.4 do TRLCSP e o Anexo V do prego de cláusulas administrativas particulares.

B) Certificados de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Padrón e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

C) Constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP (1.972,30 €)

D) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se compromete a adicar ou adscribir á execución do contrato a través dos seguintes medios:

- TC do último mes do persoal que se comprometeron a adscribir á execución da obra
- Contratos de compravenda, facturas ou contratos de aluguer para a maquinaria, equipos e medios auxiliares
- Permiso de circulación e características técnicas para os vehículos ou, de selo caso, contrato de arrendamento.

Vixésimo segundo. O 22/9/2015 o adxudicatario proposto presenta a devandita documentación, dentro do prazo outorgado para elo, incorpórase á mesma o certificado de quen non ten débedas co Concello de Padrón e o 23/09/2015 o arquitecto técnico don Jesús Baliña de Jesús emite informe sobre a suficiencia e correcta acreditación da disponibilidade dos medios técnicos que se comprometeu a adscribir á execución desta obra.

Vixésimo terceiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local de 8/10/2015 acórdase declarar admitidas a todas as empresas licitadoras; outorgar a correspondente puntuación as mesmas segundo as fórmulas e criterios recollidos na cláusula 12 e Anexo IV do PCAP; adxudicar o contrato á empresa EXOGA cun prazo de execución de 180 días naturais e un prezo de 39.445,88 € (IVE engadido); citar ao representante da empresa para a formalización do contrato o día 9/10/2015; nomear director facultativo e coordinador de



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

seguridade e saúde da obra ao enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio C. Rojo Martínez.

Vixésimo cuarto. O dito acordo é notificado a todos os interesados e publicado no Perfil do contratante o mesmo 8/10/2015.

Vixésimo quinto. En data 9/10/2015 formalízase en documento administrativo o contrato de referencia.

Vixésimo sexto. Solicitada a presenza dun técnico provincial ao acto de replanteo da obra de referencia notificase polo organismo provincial a non asistencia do mesmo.

Vixésimo sétimo. En data 29/10/2015 asínase a acta de comprobación do replanteo entre o representante municipal de obras, o director da obra e o representante da empresa adxudicataria comprobándose a viabilidade das obras sobre os terreos nos que se executarán as diversas unidades de obra que configuran a infraestrutura obxecto do contrato; compróbase que as características xeométricas das obras coinciden sensiblemente co estipulado no proxecto; que os terreos necesarios para a execución das obras están dispoñibles e como consecuencia diso, e non téndose formulado reserva nin obxección algunha o representante da empresa adxudicataria, o director das obras entende que o resultado da comprobación do replanteo é positivo e, polo tanto, autorízase o inicio dos traballos ao día seguinte hábil da firma da dita acta, isto é o 30/10/2015.

Vixésimo oitavo. En data 15/10/2015 o contratista adxudicatario achega o plan de seguridade e saúde, o programa de traballo, o plan de xestión de residuos e a relación de subcontratistas e subministradores.

O Plan de seguridade e saúde é aprobado por Resolución do Alcalde número 735/2015, de 6 de novembro; o programa de traballo por Resolución do Alcalde número 734/2015, de 6 de novembro e o plan de xestión de residuos o Resolución do Alcalde 732/2015, de 6 de novembro, previos informes favorables do director facultativo e coordinador de seguridade e saúde de data 21/10/2015, recepcionados en data 28/10/2015.

Vixésimo noveno. En data 22/12/2015, con NRE 10936, o contratista adxudicatario achega a seguinte documentación:

- Certificación primeira e final da obra " Acceso a Vista Alegre (Padrón) e outro" (5 exemplares)
- Fotos do cartel de obra e do cartel de obra no seu entorno debidamente dilixenciadas pola dirección facultativa
- Reportaxe fotográfica do desenvolvemento das obras tamén dilixenciada pola dirección facultativa.
- Informe dos controis de calidade tanto internos como externos realizados pola empresa EUROCONSULT GALICIA.

Trixésimo. En data 23/12/2015 solicítase á Deputación Provincial da Coruña a asistencia dun técnico provincial ao acto de recepción da obra de referencia, sendo declinada a dita asistencia o mesmo 23/12/2015 mediante correo electrónico.

Trixésimo primeiro. En data 28/12/2015 rexístrase de entrada no rexistro xeral de documentos copia da factura presentada pola empresa contratista electrónica na plataforma estatal FACE.

Trixésimo segundo. En data 28/12/2015 asínase a acta de recepción polo representante do Concello, a dirección facultativa, e o representante da empresa contratista, sin que dela se desprenda impedimento algún para a recepción da dita obra e iniciándose o cómputo do prazo de garantía.

Cadraxésimo sexto. Na mesma data, 28/12/2015, emítese o preceptivo informe da interventora municipal.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que a competencia para aprobar as certificacións de obra e as facturas de calquera

contía está delegada na Xunta de Goberno Local a teor do disposto no artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Considerando que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 454/619.45 do orzamento vixente para o recoñecemento da correspondente obriga.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a certificación número 1-final da obra "Acceso a Vista Alegre (Padrón) e outro" (POS 2015), expedida polo director facultativo da obra, o enxeñeiro de camiños, canles e portos Julio C. Rojo Martínez en data 15/12/2015 por importe total de 39.445,88 euros (IVE do 21% engadido).

Segundo. Aprobar a factura número Di-2015 2, de data 17/12/2015, da empresa EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL, por importe de 39.445,88 €, recoñecendo a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 454/619.45 do orzamento vixente para o 2015.

Terceiro. Ordenar o pago da factura de referencia.

Cuarto. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a certificación número 1-final da obra "Acceso a Vista Alegre (Padrón) e outro" (POS 2015), expedida polo director facultativo da obra, o enxeñeiro de camiños, canles e portos Julio C. Rojo Martínez en data 15/12/2015 por importe total de 39.445,88 euros (IVE do 21% engadido).

Segundo. Aprobar a factura número Di-2015 2, de data 17/12/2015, da empresa EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL, por importe de 39.445,88 €, recoñecendo a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 454/619.45 do orzamento vixente para o 2015.

Terceiro. Ordenar o pago da factura de referencia.

Cuarto. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.

6.- DOTACIÓN ECONÓMICA AO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL PSDEG-PSOE NO PERÍODO COMPRENDIDO DO 14 DE XUÑO AO 31 DE DECEMBRO DO 2015.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de decembro de 2015:

<<**Antecedentes administrativos:**



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Primeiro: En data 14/12/2015, con NRE 10703, preséntase polos dous integrantes do grupo político municipal PsdeG-PSOE xustificación documental da aplicación dada á dotación económica concedida ao seu grupo político por importe de 1.000,05 €.

Segundo: En data 22/12/2015 emítese o informe da Intervención Municipal de fiscalización da devandita xustificación favorable ao pago de 991,23 € en concepto de dotación económica do grupo político municipal Psde-G-PSOE no período comprendido do 14 de xuño ao 31 de decembro do 2015, período iniciado ao día seguinte da data de constitución da nova Corporación Municipal, habida conta dos resultados electorais.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que as dotacións económicas aos grupos políticos municipais son un dereito dos mesmos regulado no artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local e na base nº 45 das de execución do orzamento en vigor, e que o Concello Pleno de Padrón aprobou a asignación dunha dotación económica para cada un dos grupos políticos que constitúen a Corporación cun compoñente fixo de 1.200,00 euros anuais para cada grupo e un compoñente variable, en función do número de membros, de 300,00 euros anuais/membro.

Segundo: Considerando, polo tanto, que a dotación económica que lle corresponde ao grupo político municipal PsdeG-PSOE constituído segundo o escrito presentado á presidencia e subscrito polos seus dous membros integrantes en data 17 de xuño de 2015, ascende, segundo os criterios anteriores a un importe máximo de 991,23 euros, rateado no período comprendido do 14 de xuño ao 31 de decembro do 2015.

Terceiro: Ao abeiro do disposto no artigo 14 do Regulamento Orgánico municipal publicado no BOP nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local,

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a xustificación documental presentada polos integrantes do grupo municipal PSdeG-PSOE á aplicación dada á dotación económica que lle foi concedida polo Concello Pleno por un importe máximo de 991,23 euros, rateado no período comprendido entre o 14 de xuño e o 31 de decembro do 2015, e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 912/480.00 do orzamento vixente.

Segundo: Ordenar o pago da dotación económica xustificada polo grupo municipal PSdeG-PSOE por importe máximo de 991,23 euros.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a xustificación documental presentada polos integrantes do grupo municipal PSdeG-PSOE á aplicación dada á dotación económica que lle foi concedida polo Concello Pleno por un importe máximo de 991,23 euros, rateado no período comprendido entre o 14 de xuño e o 31 de decembro do 2015, e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 912/480.00 do orzamento vixente.

Segundo: Ordenar o pago da dotación económica xustificada polo grupo municipal PSdeG-PSOE por importe máximo de 991,23 euros.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e

contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.

7.- ABONO AO CONCELLO DE BRIÓN DO REFORZO DO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DE PADRÓN DURANTE AS FESTAS DE PASCUA 2015.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de decembro de 2015:

<<Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Visto o Convenio de colaboración subscrito en data 27/3/2015 e a adenda a dito convenio do 31/03/2015 entre Concello de Padrón e o Concello de Brión para o reforzo do servizo da Policía Local de Padrón con policías locais pertencentes ao cadro de persoal do Concello de Brión durante as Festas de Pascua 2015, previa a aprobación no Concello de Padrón do devandito Convenio mediante Resolucións do Alcalde nº 267/2015 de 27 de marzo e 289/2015 de 31 de marzo de 2015.

Segundo: Considerando o disposto nas cláusula 5, 6, 7, 8 e 9 do devandito Convenio nas que se establece que o Concello de Padrón remitirá ao Concello de Brión, unha vez rematadas as festas patronais, certificación acreditativa da realización dos traballos (con indicación de horas) e o persoal que os realizou, e que o Concello de Padrón aboará ao Concello de Brión, os gastos de persoal, axudas de custe, quilometraxe e calquera outro gasto por este servizo, salvo ampliación, non podendo aboar cantidade algunha aos axentes en servizo, ascendendo ditos gastos a 175,00 €/xornada e a Seguridade Social correspondente a cargo da empresa, locomoción a razón de 0,19€/ km, percorrido e as contías establecidas no RD 462/2002, de 24 de maio, en relación coas axudas de custe.

Terceiro: Visto o informe de data 21 de maio de 2015, que remitiu o Concello de Padrón ao Concello de Brión en cumprimento do devandito Convenio no que se certifica que os axentes da Policía Local do Concello de Brión que prestaron servizos no Concello de Padrón en réxime de comisión de servizos para o reforzo do servizo da Policía Local de Padrón durante as Festas de Pascua 2015 foi o seguinte:

NOME E APELIDOS	NIF	DATA	HORARIO
DON MARCOS DELGADO GARCÍA	44.806.051-G	04/04/15	22:00 a 08:00 H.
DON ALEJANDRO TRASBACH SOMOZA	76.966.092-L	02/04/15 03/04/15 04/04/15 05/04/15	22:00 a 08:00 H.
DON JUAN JOSÉ SANTOMIL VIEITES	44.824.280-V	05/04/15	08:00 a 20:00 H.

Cuarto: Considerando que nas cláusulas 10 e 11 do amentado Convenio se establece que pola Intervención Municipal do Concello de Brión deberá emitirse informe dos gastos efectivamente devengados por mor de dita actividade en base ás declaracións xuradas de liquidación de quilometraxe e axudas de custe, se fose o caso, e en base á certificación emitida polo Concello de Padrón acreditativa da realización dos traballos e do persoal que os realizou, en función dos días efectivamente traballados e que, cos posterioridade, o Concello de Padrón deberá efectuar o abono correspondente ao Concello de Brión no prazo dun mes dende a recepción da correspondente documentación xustificativa.

Quinto: Visto o informe da Intervención de Brión de data 21/12/2015, recepcionado no rexistro de documentos municipal de Padrón en data 28/12/2015, con NRE 11088, no que se corríxen outros dous informes previos que contiñan erros na determinación da xornada e no importe devengado por un dos



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

funcionarios de Brión, a petición do Concello de Padrón, no que se acredita que os gastos efectivamente devengados e pagados polo Concello de Brión ao abeiro do convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e o Concello de Brión para o reforzo do servizo da policía local de Padrón con policías pertencentes ao cadro de persoal do Concello de Brión durante as festas de Pascua 2015 celebradas do 2 ao 12 de abril do 2015, son os seguintes:

FUNCIONARIO	NIF	XORNADA/DURACIÓN	IMPORTE	SEGURIDADE SOCIAL	TOTAIS
Marcos Delgado García	44806051G	04/04/15 de 22:00 a 08:00	218,75 €	60,81 €	279,56 €
Alejandro Trasbach Somoza	76966092L	02/04/15 de 22:00 a 08:00 03/04/15 de 22:00 a 08:00 04/04/15 de 22:00 a 08:00 05/04/15 de 22:00 a 08:00	875,00 €	243,24 €	1.118,24 €
Juan José Santomil Vieites	44824280V	05/04/15 de 08:00 a 20:00	262,50 €	72,98 €	335,48 €
TOTAL XERAL					1.733,28 €

Fundamentos de Dereito.

Primeiro: Considerando o disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

Segundo: En virtude do Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Padrón e o Concello de Brión o 27/03/2015 e a adenda de 31/03/2015.

Terceiro: Considerando que existe crédito axeitado e suficiente, en todo caso a nivel de vinculación xurídica, na aplicación orzamentaria 338/226.13 do orzamento vixente para facer fronte ao dito gasto.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aproba-lo gasto devengado pola comisión de servizos realizada polos membros do Corpo da Policía Local de Brión para o reforzo do Corpo da Policía Local de Padrón, durante as Festas de Pascua 2015, polo importe de 1.733,28 euros, e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 338/226.13 do orzamento vixente prorrogado para o 2015.

Segundo: Ordena-lo pago ao Concello de Brión dos gastos devengados pola comisión de servizos realizada polos membros do seu Corpo da Policía Local durante as festas de Pascua 2015 por importe de 1.733,28 euros, de conformidade co disposto na cláusula 11 do Convenio de colaboración suscrito entre ambos Concellos en data 27/03/2015.

Terceiro: Notificar o presente acordo ao Concello de Brión coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aproba-lo gasto devengado pola comisión de servizos realizada polos membros do Corpo da Policía Local de Brión para o reforzo do Corpo da Policía Local de Padrón, durante as Festas de Pascua 2015, polo importe de 1.733,28 euros, e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 338/226.13 do orzamento vixente prorrogado para o 2015.

Segundo: Ordena-lo pago ao Concello de Brión dos gastos devengados pola comisión de servizos realizada polos membros do seu Corpo da Policía Local durante as festas de Pascua 2015 por importe de 1.733,28 euros, de conformidade co disposto na cláusula 11 do Convenio de colaboración suscrito entre ambos Concellos en data 27/03/2015.

Terceiro: Notificar o presente acordo ao Concello de Brión coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

8.- DOTACIÓN ECONÓMICA AO GRUPO MIXTO NO PERÍODO COMPRENDIDO DO 14 DE XUÑO AO 31 DE DECEMBRO DO 2015.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de decembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Ao longo do mes de decembro do 2015 preséntase polos catro integrantes do grupo municipal mixto xustificación documental da aplicación dada á dotación económica concedida ao seu grupo político por importe de 1.293,70 €.

Segundo: En data 22/12/2015 emítese o informe da Intervención Municipal de fiscalización da devandita xustificación favorable ao pago de 1.293,70 € en concepto de dotación económica do grupo político municipal mixto no período comprendido do 14 de xuño ao 31 de decembro do 2015, período iniciado ao día seguinte da data de constitución da nova Corporación Municipal, habida conta dos resultados electorais.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que as dotacións económicas aos grupos políticos municipais son un dereito dos mesmos regulado no artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local e na base nº 45 das de execución do orzamento en vigor, e que o Concello Pleno de Padrón aprobou a asignación dunha dotación económica para cada un dos grupos políticos que constitúen a Corporación cun compoñente fixo de 1.200,00 euros anuais para cada grupo e un compoñente variable, en función do número de membros, de 300,00 euros anuais/membro.

Segundo: Considerando, polo tanto, que a dotación económica que lle corresponde ao grupo político municipal Mixto constituído por catro integrantes, segundo o certificado da secretaria municipal de 22/12/2015, e rateado no período comprendido do 14 de xuño ao 31 de decembro do 2015, ascende a un importe máximo de 1.321,64 euros, téndose presentado xustificantes por importe de 1.293,70 €.

Terceiro: Ao abeiro do disposto no artigo 14 do Regulamento Orgánico municipal publicado no BOP nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local,

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a xustificación documental presentada polos integrantes do grupo Mixto á aplicación dada á dotación económica que lle foi concedida polo Concello Pleno por un importe máximo de 1.293,70 euros, e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 912/480.00 do orzamento



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

vixente.

Segundo: Ordenar o pago da dotación económica xustificada polo grupo municipal Mixto por importe máximo de 1.293,70 euros.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a xustificación documental presentada polos integrantes do grupo Mixto á aplicación dada á dotación económica que lle foi concedida polo Concello Pleno por un importe máximo de 1.293,70 euros, e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 912/480.00 do orzamento vixente.

Segundo: Ordenar o pago da dotación económica xustificada polo grupo municipal Mixto por importe máximo de 1.293,70 euros.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.

9.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA Á ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA DO SAR.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 17 de decembro de 2015:

<<**Antecedentes administrativos:**

Primeiro: Vista a proposta da Concelleira delegada de cultura de 02/09/2015 pola que se incoa o presente expediente ordenando a redacción das bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal no ámbito cultural, deportivo e de festexos populares no exercicio 2015, e solicita informe de fiscalización previa da Intervención Municipal.

Segundo: Visto o Informe do interventor accidental de 7/9/2015 de fiscalización das devanditas bases reguladoras.

Terceiro. Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 10/09/2015 de aprobación das amentadas bases reguladoras e de proceder á súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

Cuarto: Vistas as solicitudes presentadas polas Asociacións Municipais (18)

Quinto: Vista a Acta da Comisión de Valoración de 22/10/2015 pola que se propón a concesión e denegación das subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal no ano 2015, segundo os criterios previstos nas bases reguladoras da convocatoria.

Sexto: Visto o Informe da Intervención Municipal de 03/11/2015 de fiscalización previa da proposta de concesión e denegación de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal no ano 2015.

Sétimo: Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 05/11/2015 de concesión e denegación das subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal no ano 2015, requirindo as beneficiarios para que procedesen a xustificar a subvención concedida improrrogablemente antes do 11 de decembro de 2015 presentando para elo no rexistro xeral de entrada a documentación da conta xustificativa simplificada, xunto coa certificación bancaria do número de conta a nome da entidade beneficiaria e os documentos acreditativos dos gastos realizados por importe mínimo da contía da subvención concedida.

Oitavo: Vista a conta xustificativa simplificada presentada pola Asociación de Mulleres Xuntanza do Sar o 10/12/2015 con NRE 10638 e a subsanación da mesma achegada o 17/12/2015, con NRE 10796, a previo requirimento da Administración de 10/12/2015.

Noveno: Visto o Informe da Intervención Municipal de 17/12/2015 de fiscalización da devandita xustificación.

Fundamentos de Dereito:

;

Primeiro: Considerando que a xustificación da subvención se realizou en prazo, presentándose a documentación requirida, tal e como se determinaba na cláusula novena das bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal no ámbito cultural, deportivo e de festexos no exercicio 2015.

Segundo: Considerando que se dá cumprimento ás previsións da normativa reguladora das subvencións públicas.

Terceiro: Considerando que a xustificación das subvencións debe aprobarse, previa fiscalización da Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno Local.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a xustificación da subvención concedida á ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA DO SAR con CIF G-70090519 5 por importe de 290,00 euros e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 334/480.01 do orzamento vixente.

Segundo: Ordenar o pago da dita subvención á asociación beneficiaria.

Terceiro: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a xustificación da subvención concedida á ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DO SAR con CIF G-70090519 5 por importe de 290,00 euros e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 334/480.01 do orzamento vixente.

Segundo: Ordenar o pago da dita subvención á asociación beneficiaria.

Terceiro: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

MOCIÓN DE URXENCIA.

Rematada a orde do día da convocatoria e de acordo ao establecido nos artigos 83 e 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), por aplicación do disposto no artigo 138 do mesmo, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local as seguintes mocións de urxencia:

PRIMEIRA MOCIÓN DE URXENCIA.- APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 29 de decembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Vista a providencia do Alcalde de data 29/12/2015 pola que se propón a aprobación dunha serie de facturas e gastos que foron informados favorablemente pola Intervención municipal no seu informe da mesma data.

Fundamentos de Dereito.

Primeiro. Considerando que é preciso proceder á aprobación das facturas e gastos relacionadas na providencia do Alcalde de 29/12/2015, existindo para elo crédito axeitado e suficiente no orzamento vixente.

Segundo. Considerando que o órgano competente para a aprobación de facturas e gastos é a Xunta de Goberno Local cuxa última sesión ordinaria vai celebrarse o vindeiro 30/12/2015 non téndose rematado o expediente ata o día de hoxe.

Terceiro. Considerando a necesidade de evitar demoras na tramitación e aprobación dos gastos e para dar cumprimento á lexislación reguladora dos prazos de pagos a provedores, así coma ao principio de anualidade orzamentaria recollido no artigo 176.1 do TRLRFL.

Cuarto. Considerando que o artigo 91.4 do RD 2568/1986 de 26 de novembro prevé a posibilidade de incluír nas sesións ordinarias algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, previa votación ao respecto sobre a procedencia do seu debate.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a urxencia do debate e votación do asunto denominado **<< APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS >>**, para evitar demoras na tramitación e aprobación dos gastos municipais e para dar cumprimento á lexislación reguladora dos prazos de pago a provedores, así coma ao principio de anualidade orzamentaria recollido no artigo 176.1 do TRLRFL.

SEGUNDO: O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpor, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de adopción do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Con carácter previo ao debate e votación do asunto auséntanse da sesión don Andrés Sanmarco Santos e o Alcalde, don Antonio Fernández Angueira, en cumprimento do establecido no artigo 76 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o 96 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sendo substituído na Presidencia da sesión por don José Ramón Pardo Andrade, primeiro tenente de Alcalde.

Non producíndose debate sobre a urxencia da moción, o Presidente somete esta a votación, resultando aprobada por unanimidade das e dos presentes.

Seguidamente procédese ao debate e votación do asunto.

PRIMEIRA MOCIÓN DE URXENCIA.- APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 29 de decembro de 2015:

<<Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Considerando que por providencia da Alcaldía de data 29 de decembro de 2015 ordenouse á Intervención Municipal a emisión de informe sobre as facturas e gastos que se relacionan na mesma con carácter previo á súa aprobación.

Segundo: Visto o informe da Intervención Municipal do 29 de decembro de 2015.

Fundamentos de Dereito:

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes facturas e gastos e recoñecer as correspondentes obrigas con cargo ás aplicacións do orzamento vixente para o 2015 e polos importes que a continuación se indican:

Nº DE FACTURA	PROVEDOR E CONCEPTO	PARTIDA	I. BRUTO	I. LÍQUIDO
1501060463	Adif, gastos tramitación para reparación de camino existente	151-22699	255,92 €	255,92 €
9/2015	Agrupación folklórica Cultural O Pedrón, actuación realizada con motivo de Santa Cecilia	334-22615	442,00 €	442,00 €
2015149	Aluminios Sefer S.L., construción e instalación de mampara contra lluvia	151-21000	592,90 €	592,90 €
2015142	Aluminios Sefer S.L., modificación de postes de sinalización	151-21000	794,86 €	794,86 €
2015146	Aluminios Sefer S.L., paneis expositores modulares suministrados	334-62515	3.914,47 €	3.914,47 €

